POLAS MELLORAS LABORAIS E SALARIAIS NA ETAPA 0-3 DE INFANTIL: CONVENIO GALEGO

As traballadoras/es dos centros de Educación Infantil etapa 0-3 anos de Galiza abaixo asinantes, diante da sinatura acordada para o 22 de maio do XII convenio, polas OO.SS estatais e as patronais do sector, que consolida a precariedade laboral e salarial no sector, acordan denunciar e reivindicar os seguintes puntos:

1.- Que **denunciamos que non se está a ter en conta no convenio estatal as reivindicacións laborais propias dos traballadores e traballadoras galegas**, limitando a capacidade de influír na negociación.

2.- Que **denunciamos as condicións precarias que sofren os traballadores e traballadoras dos centros galegos** afectados polo XI convenio colectivo estatal de Infantil e que se manterían de asinarse o XII convenio nos termos acordados. Esta precariedade só pode conducir a un deterioro da calidade dun servizo que debería procurar a mellora dos seus recursos materiais e humanos, no canto de centrarse en criterios mercantilistas.

3.- Que rexeitamos a sinatura do XII convenio estatal nos termos acadados o 25 de abril, cada vez máis lesivo para os dereitos laborais e salariais dos traballadores/as que impiden que poidan,estes últimos, realizar dun xeito digno o seu labor, resultando incluso discriminatorio coas categorías. **Demandamos que non se leve a cabo a sinatura do XII Convenio e se negocie cara un acordo que recolla unhas verdadeiras melloras laborais e salariais que rematen nun CONVENIO DIGNO E XUSTO**.

4.- Que **demandamos que se inicien negociacións, entre patronais e sindicatos galegos, que nos permitan acadar un CONVENIO GALEGO que mellore substancialmente as condicións recollidas no convenio estatal**, non só acercando a negociación ás traballadoras/es galegos, senón que poidamos ser os verdadeiros protagonistas coas nosas decisións e así dignificar as nosas condicións laborais e salariais.

5.- Que **estamos dispostas e dispostos a comezar un proceso de mobilizacións para esixir o cumprimento destas demandas**, non desbotando a convocatoria de folga no sector de ser preciso.

NOME DA ESCOLA INFANTIL - .....

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA